


OBRA E AUTOR

: *El barón rampante de Italo Calvino.*



DE QUE VAI

: A obra cóntanos a vida de Cosimo Piovasco de Rondó, herdeiro do barón de Rondó, un neno de doce anos, que un día rexeitando comer un prato de caracois decide por rebeldía á estrita educación familiar subir a das árbores dos que nunca volverá baixarse.

TÍTULO

: Acertado, en tanto que rampante se refire claramente á vida de Cosimo nas árbores, pois a palabra rampante é a que define a súa personalidade.

A definición de rampante pódese encontrar no dicionario de RAE como rubideiro, ambicioso sen escrúpulos.

ESTRUTURA

: Narrada polo irmán menor do protagonista, Biagio dei Rondó de forma retrospectiva dende a vellez, que tamén participa da historia.

O narrador utiliza tanto a primeira persoa coma a tercelra, dependendo de que se trate de algo vivido por el ou algo relatado polo seu irmán ben en conversacións directas ou mediante notas ou cartas que lle fai chegar. Nárrase de forma lineal, cronoloxicamente dende os doce anos de Cosimo ata a súa vellez e desaparición.

A narración é un todo na que entrelazadas hai numerosas historias breves que teñen un final.

Consta de trinta capítulos estruturados en tres partes. No primeiro capítulo descríbese a familia e o escenario onde vai transcorrer a acción. A segunda parte esténdese do capítulo dous ao vinte e nove, onde transcorren todas as aventuras que vivirá o protagonista. O capítulo trinta preséntanos o desenlace, onde Cosimo á idade de sesenta e cinco anos, desaparece de forma sorprendente para non volver nunca máis.

ARGUMENTO

: Historia ambientada a finais do século XVIII e principios do século XIX, nun pobo imaxinario de Italia chamado Ombrosa, onde un rapaz de doce anos, Cosimo, un día tras discutir co seu pai, decide rebelarse e subir a unha árbore. Máis tarde coñece unha nena, Viola, á que promete que nunca baixase das árbores a partir dese momento. Cosimo adáptase a vivir enriba das árbores. Mentres está subido ás árbores pásanlle moitas aventuras e fai dende alí unha vida normal (caza, pesca, estuda filosofía, le, ten aventuras amorosas etc.) Participa na vida familiar e da comunidade, axudándoa e querendo transformala de acordo cos aires novos que lle chegan da Revolución Francesa. Realízase unha vida coherente, rexeita todo o que lle vén imposto, se manifesta en contra das ideas tradicionais, e se formula cuestións como a liberdade e a igualdade. Nunca traizoa a súa postura persoal que lle permite estar ao mesmo tempo distante e involucrado na sociedade da que forma parte.

CONCLUSIÓN

certas partes da lectura.

Despois de debater amplamente sobre a obra, a conclusión case unánime do grupo, foi que a novela presenta unha formulación orixinal, con toques de ironía e humor que a fan divertida en

Cunha narración aparentemente sinxela escóndese unha profundidade complexa, coa que o autor se despacha a gusto con todos os seus personaxes e grupos sociais poñendo de manifesto as súas virtudes e defectos. Utilizando a altura dende a que observa, Cosimo pon de manifesto ese mundo social xerarquizado e ríxido e sobre o que pretende actuar e modificar. Unha novela onde se nos presenta de forma intelixente e fantástica unha extraordinaria reivindicación da utopía, a rebeldía, a imaxinación e o inconformismo dun home que se empeñou en ser el mesmo con independencia do camiño trazado pola sociedade que lle tocou vivir. Como nos conta o narrador recordóuselle na tumba familiar cunha inscrición que dicía *"Cosimo Piovasco dei Rondó- Viviu nas árbores - Amou sempre a terra - Subiu ao ceo "*

Un libro que sen dúbida paga a pena ler.